



## Concello da Pastoriza (Lugo)

### ANUNCIO

#### APERTURA DO PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES DE NOVO INGRESO NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA CURSO 2020-2021

PRAZO DE PRESENTACIÓN: do 17 de xuño ao 17 de xullo

LUGAR DE PRESENTACIÓN:

- **No rexistro do Concello nas oficinas municipais**, en horario de 09:00 a 14:00 horas, con previa petición de cita telefónica (982.33.21.97)

- **No rexistro electrónico do Concello** ao que se pode acceder a través da sede electrónica do Concello <https://apastoriza.sedelectronica.gal/> entrando en catálogo de trámites- solicitude de alta, baixa ou modificación de servizo público-Tramitación electrónica, e incorporando durante a tramitación os modelos normalizados que se achegan.

Lembrámoslles que para esta tramitación precisan de certificado dixital, DNI electrónico ou un dos sistemas de clave concertada de Cl@ve

- **No correo electrónico do Concello:** [administracion@concellodapastoriza.es](mailto:administracion@concellodapastoriza.es) enviando os modelos normalizados debidamente cumprimentados e a restante documentación para o seu posterior rexistro, unha vez rexistrados reenviarémoslles o recibo de presentación polo mesmo medio.

#### SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR:

O modelo de solicitude normalizado que se facilitará nas oficinas do Concello e/ou na páxina web <http://www.concellodapastoriza.es/> (concello/ solicitudes)

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI ou pasaporte dos pais ou titores legais.
2. Fotocopia do libro de familia ou outro documento que acredite oficialmente a situación da familia.
3. Certificado de empadramento e convivencia expedido polo Concello.
4. Declaración da renda o certificación de estar exento de facela (última presentada-Renda 2018)
5. Última nómina ou nos autónomos xustificante do último ingreso á conta trimestral para xustificar que está empregado.
6. Certificación do INEM acreditativa da situación de desemprego e da recepción ou non de prestacións.
7. Outros documentos xustificativos de incidencias familiares ou sociais que influan na admisión dos nenos.

P.D

(Resolución de Alcaldía de 06 de xullo de 2019)

A Tenente de Alcalde Delgada de Área

Elva Carrera González.

**Documento asinado electrónicamente á marxe**

